

TALÍA TEATRO

O MÉTODO GRÖNHOLM

DE JORDI GALCERÁN

DIRECCIÓN XÚLIO LAGO






presentación

Talía Teatro presenta o proxecto de produción do espectáculo *O método Grönholm* coa colaboración do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT).

Espectáculo escrito por Jordi Galcerán con adaptación de Artur Trillo e dirixido Xúlio Lago.

Un autor que non nos é indiferente, un director cunha ampla e recoñecida traxectoria e un texto no que o autor consegue aunar o humor e a reflexión, así como un elenco cunha ampla experiencia de traballo en equipo, son as claves para o éxito desta nova montaxe.

Ademais, con esta montaxe queremos dirixirnos ao noso público e celebrar con el os 25 anos de traxectoria da compañía e agradecerlle a fidelidade coa creación dun espectáculo que ten todos os ingredientes para ser aceptado polo gran público.



a compañía


Talía Teatro é unha compañía teatral creada en 1988, cun selo propio e orixinal. Os seus espectáculos son unha marca con denominación de orixe que definen un estilo e unha forma de facer teatro.

Hoxe, 24 anos despois do seu inicio, tense consolidado como unha das compañías galegas de maior prestixio e repercusión e ten afianzado un proxecto empresarial que xenera cultura e ilusión, ao mesmo tempo que consolida un equipo de traballo estable.

Desde os seus inicios, a compañía perseguíu a dignificación do teatro. Aínda que se dirixe a un amplo abano de espectadores, tamén presta unha especial atención ao teatro infantil e xuvenil por que considera que a creación de novos públicos é unha das asignaturas pendentes do teatro feito en Galicia.

O traballo da compañía ten sido merecedor de numerosos premios polas súas montaxes

- Premio Max Mellor autor teatral en Galego por Pelos na lingua
- Mellor texto teatral en galego. María Casares 2012: Pelos na lingua
- Mellor actriz secundaria. María Casares 2011: Marta Ríos por Volpone
- Premio Nordés das Artes
- Premio FETEGA 2011 á mellor actriz a María Ordóñez, por Pelos na lingua
- Mellor actor protagonista. María Casares 2010: Toño Casais por Palabras encadeadas
- Mellor dirección. María Casares 2010: Artur Trillo por Palabras encadeadas

- 
- Mellor actor secundario. María Casares 2008: Artur Trillo por E ti, quen vés sendo?
 - Premio FETEGA 2007 ao Mellor actor a Toño Casais por Esperando a Godot
 - Mellor actor protagonista. María Casares 2004: Artur Trillo por Bicos con lingua
 - Mellor Texto orixinal. María Casares 2004: Bicos con lingua


Actualmente ten en cartel os seguintes espectáculos:

Dirixidos a público infantil:

- *Pequena*
- *Carta urxente para Máximo Toxo*
- *Valentino Ruffini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*

Dirixidos a público xuvenil e adulto:

- *Bicos con lingua*
- *Pelos na lingua*



a montaxe

O autor

Jordi Galcerán Ferrer naceu o 5 de marzo de 1964 en Barcelona. Comeza a súa andaina no teatro con dezaoito anos, debutando como actor afeccionado no Centre Moral i Cultural del Poble Nou. A partir de 1982 comeza a escribir comedias que eran representadas en circuítos amateurs, e nas cales participaba como actor e director.


Posteriormente, a súa labor no mundo do teatro foise extendendo a outros ámbitos como a adaptación de obras, a dirección escénica e a tradución.

Despois de pasar polo ámbito educativo, todas as actividades profesionais que desenvolveu estiveron relacionadas coa escritura: tradutor, guionista de cine ou televisión, narrador e autor teatral.

A súa escrita

“Despois dun repaso rápido a todo o que escribín na miña vida, que non é moito, só me vén á cabeza unha cousa: xogo. En tódalas miñas obras o xogo é primordial. Os personaxes xogan entre eles, a obra xoga co público, a trama está chea de conceptos lúdicos... E creo que ten que ser así, porque tamén eu concibo a propia escritura como un xogo.

Paréceme que, véndoo así, un xogo ten todos os elementos que fan interesante a unha historia e, quizais por iso, os meus personaxes sempre xogan. E quizais por iso a miña forma de enfrontarme á literatura tamén é un xogo. Fíxome unhas regras, busco un adversario, establezo límites, establezo un reto e comezo a xogar. E xogo intentando utilizar o sentido común, pero deixando tamén un espazo ao azar, á sorpresa.”



Jordi Galcerán concibe a escritura como un xogo, e isto afecta ao desenvolvemento do seu proceso creativo. Quere que as súas obras sexan simples e, á vez, con moita complexidade argumental pois, deste modo, o seu xogo teatral pode dar máis de si. Define as súas propias regras de xogo, pero modifícaaas cando lle convén. Unha norma básica dese xogo é establecer unha complicidade co espectador, norma que lle garantiu boa parte do seu éxito.

O texto

O método Grönholm (El método Grönholm) chega ao Teatro Nacional de Cataluña no mes de maio de 2003. Baixo a dirección de Sergi Belbel obtén un éxito sen precedentes. No 2004 estréase en Madrid, da man de Tamzin Townsend, chegando a ampliar unha temporada máis nas dúas cidades. O método Grönholm ofrece unha reflexión sobre a deshumanización do capitalismo salvaxe.

Representada en máis de 50 países, O método Grönholm foi vista por máis de 2.000.000 de persoas. En 2005 o director arxentino Marcelo Piñeyro realizou unha adaptación cinematográfica (O Método).

O director

Xúlio Lago, un dos directores de escena de maior prestixio do panorama teatral galego. Dirixiu máis de 30 montaxe e participou activamente na creación dunha estrutura teatral galega (centro dramático, asociacións profesionais,...). Os seus espectáculos caracterízanse por unha coidada posta en escena.

elenco



Toño Casais
Fernando



Artur Trillo
Henrique



María Ordóñez
Mercedes



Dani Trillo
Carlos

sinopse

A proposta de Galcerán é portadora dun corrosivo compoñente crítico disfrazado de ideoloxía neoliberal, dunha carga de cinismo nada despreziable e dunha impresionante capacidade para xogar “perigosamente” con cousas serias co mesmo talante que se estivese xogando á brisca ou ás prendas.

O método Grönholm é un xogo, si. Un xogo constante entre verdades e mentiras. Un xogo un pouco perverso, tal vez, por que as emocións e os sentimentos das personaxes son manipulados e sacudidos sen pudor nin compaixón algunha. Algo que resulta escandalosamente normal na sociedade contemporánea.





equipo artístico e técnico

Autor.....Jordi Galcerán
Adaptación..... Artur Trillo
Diseño de escenografía.....Suso Montero
Realización escenografía.....RTA
Diseño de vestuario e maquillaxe..... Martina Cambeiro
Fotografía Rubén Prieto, J. Manuel Casal e *Fixo*
Diseño de iluminación.....Xúlio Lago
Producción e distribución..... Artur Trillo
Producción executiva..... Áurea Ferreiro
Axudante de dirección..... Diego Rey
Dirección..... Xúlio Lago



coproducción co festival outono de teatro de carballo (fiot)

Na coproducción do espectáculo participa o Festival Internacional Outono de Teatro, de Carballo (FIOT), un festival creado en 1992 que este ano celebra a súa 21 edición. O FIOT está organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte en colaboración co Concello de Carballo e nos últimos anos consolidouse como un referente nos festivais de artes escénicas de Galicia.

O método Grönholm estrearase na XXI edición do Fiot o 11 de outubro de 2012, realizándose unha segunda función o día 12.

A colaboración do FIOT na coproducción deste espectáculo con Talía Teatro é para ambas entidades un proxecto ilusionante pola longa e estreita relación mantida que consideramos enriquecedor reforzar.

Talía Teatro ten un forte vínculo coa comarca de Bergantiños e Costa da Morte e, en concreto, coa sede do festival, Carballo, e co FIOT mesmo, co que colaborou en moitas ocasións participando tamén na súa programación en distintas edicións. O último traballo que formou parte do programa do FIOT, Volpone, foi recoñecido polos espectadores co Premio do Público e o Outono de Teatro agradeceu tamén a implicación desta compañía outorgando ao seu fundador, Artur Trillo o galardón “Xoglar de Outono”.

Esta colaboración é a segunda experiencia deste festival no campo da produción, un novo paso, máis alá da difusión e dinamización teatral, que iniciou o FIOT hai dous anos e que se viu recompensado polo éxito avalado polos Premios María Casares, que acreditaron o espectáculo coproducido nesa ocasión con cinco galardóns, entre eles, o de Mellor Espectáculo do ano.

Produccións Teatrais Talía S.L.

Rúa Touro 31-3ºB

15704 Santiago de Compostela

info@taliateatro.es

www.taliateatro.es